



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 19

MAIO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**UNHA VIAXE
FANTÁSTICA**

Paul Daniel, director



PROGRAMA

OCTAVIO VÁZQUEZ (1972)

Ilusións (Mâyā), da triloxía Sattva*

HECTOR BERLIOZ (1803-1869)

Sinfonía Fantástica, op. 14: Épisode de la vie d'un Artiste

Rêveries, Passions

Un bal

Scène aux champs

Marche au supplice

Songe d'une nuit du sabbat

*Estrea absoluta. Encargo RFG.

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Ildikó Oltai
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Julia Filón ***
Pau Fogás ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Enrique Roca
Irina Gruia
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow
Natalia Hernantes ***

Estefanía del Barrio ***
Daniela Lewysohn ***
Carla Alonso ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madisson **
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru
Ayse Yavuz ***
Álvaro Godoy ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Thomas Piel **
Carlos García
Millán Abeledo
Carmen Diego ***
Ana Represas ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Anxo Leitao (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **
Cristina Pati ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Ruth Santiago ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Xosé Antón
Comesaña ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Patricia Pazos (R)
Marta Balsa ***

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Sergio Sánchez ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias (R)
Roberto Bolaño ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
David Manuel
Rodríguez (R)
Tino Núñez (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)
César Núñez (R)

TIMBAIS

José Vicente Faus *
Darío González (R)

PERCUSIÓN

Roberto Bao (R)
Sergio Sanchís ***

ARPAS

Alba Barreiro (R)
Francesca Di Nicola (R)

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Paul Daniel

Director

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia

de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de

Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.

Nesta ocasión cústame moito escribir notas de programa sobre a miña peza. Se puidese expresar isto de xeito eficaz con palabras, quizais non tería que ter composto a peza en primeiro lugar. A Encyclopaedia Britannica escribe que *Māyā*, (sánscrito: “maxia” ou “ilusión”) é “un concepto fundamental na filosofía hindú, especialmente na escola Advaita (non dualista) do Vedanta (...) a poderosa forza que crea a ilusión cósmica de que o mundo fenomenal é real”. Albert Einstein, nunha carta ao seu amigo Robert S. Marcus do 12 de febreiro de 1950, escribe “Un ser humano é unha parte do todo, do que chamamos “Universo”, unha parte limitada no tempo e no espazo. Experimentase a si mesmo, os seus pensamentos e sentimentos, como algo separado do resto—unha especie de ilusión óptica da súa conciencia.” Remato cunha cita de Rabindranath Tagore: “O noso eu é *māyā* cando é meramente individual e finito”. Espero que isto proxecte algo de luz sobre o tema desta peza.

Octavio Vázquez

A *Sinfonía Fantástica*, subtitulada *Épisode de la vie d'un Artiste* foi estreada no Conservatorio de París en 1830, interpretada por unha formación contratada por Berlioz e integrada polas orquestras do

Conservatorio e a do Théâtre des Nouveautés baixo a dirección de François Habeneck. O compositor inspirouse nas obras de François-René Chateaubriand, escritor que leu vorazmente durante a súa xuventude

e cuxa obra autobiográfica describe a un artista precisamente no estado no que se encontra o heroe da sinfonía, e na actriz irlandesa Harriet Smithson, da que o compositor namorou cando a viu interpretando a Ofelia de Hamlet no Odéon en 1827. Dese xeito, o artista protagonista atormentado polo amor non correspondido pode ser identificado co mesmo Berlioz quen, para o concerto de presentación da sinfonía escribiu as seguintes notas para o programa:

“A intención do compositor foi tratar varios estados da vida dun artista. Dado que este drama instrumental carece da axuda das palabras, é necesaria unha explicación anticipada do seu plan. O seguinte programa, polo tanto, debe ser pensado como se fose o texto falado dunha ópera, que sirva para introducir os movementos musicais e explicar o seu carácter e expresión.

Soños - Paixóns: O autor imaxina a un músico novo, preocupado por esa enfermidade espiritual que un famoso escritor chamado “*a decadencia das paixóns*”, e ve por primeira vez a unha muller que posúe todos os encantos cos que sempre soñou, e namora desesperadamente dela. Por algún estraño truco fantástico, a imaxe da súa amada nunca aparece na mente do artista senón asociada a unha idea musical, na que el percibe

un certo carácter apaixonado, pero refinado e tímido que el atribúe ao obxecto do seu amor. Esta imaxe melódica e o seu modelo perségueno incesantemente como unha dobre *idée fixe*¹. É por iso que a melodía coa que comeza o primeiro *allegro* aparece constantemente en todos os movementos da sinfonía. A transición dun estado de soño melancólico, interrompida por varios embates de ledicia sen sentido, a unha paixón delirante, con estalidos de ira e ciumes, a súa volta á tenrura, as súas bágoas e o seu consolo relixioso, todo iso forma o tema do primeiro movemento.

Un baile: O artista atópase nas circunstancias máis variadas, tanto no medio do bulicio dunha festa, como na apracible contemplación da beleza da natureza; pero en todas partes, na cidade, nos campos, a imaxe da súa amada aparece ante el e turba a súa alma.

Escena campestre: Unha tarde no campo, o mozo músico oe de lonxe a dous pastores cos seus *ranz de vaches*², este dúo pastoral, a contorna da escena, o leve murmurio das árbores suavemente axitadas polo vento, certos motivos de esperanza que concibiou recentemente, todo iso combínase para devolver ao seu corazón unha paz descoñecida, e

dar unha cor máis leda aos seus pensamentos. Reflexiona sobre a súa soidade; espera deixar de estar só cedo... Mais, supoñamos que ela o engana! Esta mestura de esperanza e medo, esas ideas de ledicia perturbadas por escuros presentimentos, forman o tema do *adagio*. Ao final, un dos pastores retoma o *ranz de vaches*; o outro xa non responde. Sons de tormenta afastada... soidade... silencio

Marcha del suplicio: Convencido de que a muller que adora non só non responde ao seu amor, senón que é incapaz de comprendelo e que, ademais, é indigna del, o artista envelénase con opio. A dose do narcótico, demasiado débil para quitarlle a vida, mergúllao nun soño acompañado das visións máis horribles. Soña que matou á muller que amaba e que é condenado á morte, levado ao cadafalso e testemuña da súa propia execución. O cortexo avanza ao son dunha marcha ás veces feroz e sombría, ás veces maxestosa e brillante na que un ruído xordo de pasos pesados conducen sen transición aos estoupidos máis enordecedores. Ao final da marcha, os primeiros catro compases da *idée fixe* repítense como un último pensamento de amor interrompido polo golpe fatal.

Sño dun sábado de aquelarre: Vese a si mesmo no sábado, no medio dunha espantosa multitude de espíritos, feitiцеiros e monstros de todo tipo, reunidos para o seu funeral. Ruidos estraños, xemidos, gargalladas, berros afastados aos que outros berros parecen responder. A melodía da amada aparece unha vez máis, pero perdeu o seu carácter nobre e desconfiado; xa non é máis que unha melodía de baile vulgar, banal e grotesca; é ela a que veu ao aquelarre.... Un ruxido de ledicia pola súa chegada.... Únese á orxía diabólica... Tanxemento fúnebre de campás, parodia bufa do *Dies Irae*, a danza do sábado, a danza do aquelarre e o *Dies irae* combinados.”

- ¹ O motivo principal que, nesta sinfonía, representa á amada; aparecerá en diversas ocasións ao longo da obra, transformado segundo as circunstancias dramáticas.
- ² Son os cantos dos vaqueiros de Suíza e de certas partes de Francia. Tócanos con trompas moi longas e úsanos para chamar ao gando. Servían aos vaqueiros para comunicarse de montaña a montaña.

C

Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

